

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES N° 1 d'O Carballiño
CURSO: 1º ESO
MATERIA: Lingua Galega e Literatura 1
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura
DATA: 5/04/2021

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

1º Avaliación	Cálculo da nota da 1º avaliación: Segundo o especificado na PD.
	Procedemento de recuperación da 1º avaliación: Non hai recuperación de contidos porque o enfoque da materia é avaliación continua.
2º Avaliación	Cálculo da nota da 2º avaliación: Segundo o especificado na PD.
	Procedemento de recuperación da 2º avaliación: Non hai recuperación de contidos porque o enfoque da materia é avaliación continua.
3º Avaliación	Cálculo da nota da 3º avaliación: Farase segundo o estipulado na P.D.
	Procedemento de recuperación da 3º avaliación: Farase segundo o estipulado na P.D. (Exame de recuperación dos contidos vistos no curso).
Cualificación final	Cálculo para obter a cualificación final de curso: -Para os que obtiveran unha cualificación superior ó 5.00 poderán acrecentar ata un 10% a nota final. -Para os que non superaron a materia deberán realizar un caderniño con actividades de repaso que significará o 40% da
Alumnado de materia pendente	Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: Poderase optar pola realización de boletíns de actividades de tipo gramatical ao longo do curso: 100% do valor da nota global. En caso de que estes boletíns non se entreguen realizara se unha proba escrita: 100% do valor da nota global

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Boletíns con actividades de tipo gramatical.

Proba escrita

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

Metodoloxía	A mesma empregada nos meses anteriores pero con dedicación máis pormenorizada e constante a aquel alumnado que necesite apoio, reforzo ou recuperación. Se as circunstancias son favorables, poderémolos agrupar en equipos pequenos colaborativos para que a atención do profesorado se concentre neles. Tamén poderémolos poñer en parellas con compañeiros que polas súas características os poidan axudar. Aquel alumnado que tivese avaliacións positivas ao longo de todo o curso escolar fará actividades de ampliación: novas lecturas, tarefas de expresión escrita creativa, oralidade en equipos pequenos, repaso de conceptos que se viron moi sucintamente. O alumnado con avaliación negativa deberá traballar nun caderniño de exercicios de repaso e reforzo. O alumnado que non teña superado ningunha proba do libro de lectura deberá ler un libro da súa escolla e facer dunha exposición oral á súa profesora.
Actividades tipo	Iguais ás realizadas durante o curso escolar: lecturas, exercicios do libro, audicións de contos, actividades de gamificación. Para o alumnado que necesite apoio, reforzo ou recuperación serán do mesmo tipo que as realizadas os meses anteriores cun caderniño. Para o alumnado con avaliacións positivas empregaremos materiais de elaboración propia de ampliación e reforzo dos contidos vistos.

Materiais e recursos

Iguais ás realizadas durante o curso escolar: lecturas, exercicios do libro, audicións de contos, actividades de gamificación. Para o alumnado que necesite apoio, reforzo ou recuperación serán do mesmo tipo que as realizadas os meses anteriores cun caderniño. Para o alumnado con avaliacións positivas empregaremos materiais de elaboración propia de ampliación e reforzo dos contidos vistos.